


IES MELIDE

PROXECTO DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA E CULTURAL



Curso 2005-2006

PROXECTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL 2005-2006

O. Introdución.

O ENL do IES de Melide vén funcionando desde o curso 1993-1994, e desde aquela existe un proxecto global de normalización. Mais, dado que un centro de ensino é unha parte da sociedade e reflexo, en moitas ocasións, do que nela acontece, este proxecto global está aínda lonxe de acadar todos os seus obxectivos. Por isto, e porque a dinámica de traballo de cursos precedentes parece axeitada en relación aos obxectivos perseguidos, manteremos, na súa esencia, este Proxecto para o presente curso, e, probablemente, para cursos posteriores. Alén disto, cómpre recoñecer que sería difícil elaborar un Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural máis exhaustivo e realista ca este, pois non é, nin foi nunca, unha simple declaración de intencións.

Como consecuencia de todo o dito anteriormente, no documento que se presenta a seguir só se poderán atopar pequenas modificacións na organización e nas actividades deseñadas en anteriores Proxectos.

1.- Estrutura do Proxecto.

O Proxecto de Normalización Lingüística e Cultural do IES Melide para o curso 2005-2006 estrutúrase, basicamente, en cinco bloques de contido.

Unha reflexión sintética sobre a realidade lingüística e cultural do contorno no que está inserido o centro, e do propio IES Melide.

Unha mínima relación de propostas de cara á normalización lingüística e cultural do centro, a partir da análise do momento normalizador que vive este.

O proxecto de actividades do Equipo para o presente curso.

O anteproxecto económico, dividido nas dúas partes establecidas regulamentariamente: a referida ao período inicial do curso -até o mes de decembro- e a referida ás actividades a desenvolver no período que abrangue desde o mes de xaneiro a final de curso.

A organización xenérica do Equipo e a relación dos seus membros, coas súas responsabilidades dentro del.

2.- Consideracións xerais sobre a realidade lingüística e cultural da Terra de Melide.

A comarca da Terra de Melide, na cal se insire o centro, é, polas súas especiais características xeográficas e económicas, sen dúbida, un dos territorios naturais galegos que máis e mellor conserva os elementos definitorios da cultura tradicional do país. Así é que, alén de que na maior parte dos 15.000 habitantes cos que conta a comarca -aos efectos que nos ocupan deberían ser restados os pertencentes ao Concello de Sobrado dos Monxes, agás algunhas parroquias próximas a Melide- se observe un monolingüismo en galego practicamente uniforme, o certo é que, de cara ao ensino, o territorio ofrece unha infinidade de recursos didácticos que, en todo caso, deben ser tidos en conta para os deseños dos currículos en todos e cada un dos centros educativos da comarca. Neste sentido, existen xa experiencias interdisciplinares de estudo e aproveitamento do medio por parte de grupos de profesores e profesoras de diferentes centros educativos¹.

Así, cómpre ter en conta a enorme riqueza que, desde o punto de vista do estudo e análise da historia, presentan diferentes puntos da comarca, desde mostras arquitectónicas de diferentes épocas históricas -castros, igrexas...- até pegadas evidentes dos pobos que se asentaron na comarca en épocas pretéritas. Isto, sen

¹ Nestas experiencias participan, ou participaron, tamén membros do IES Melide.

amentar, naturalmente, as consecuencias culturais, sociais e económicas derivadas do paso dos Camiños, sobre todo o Francés, a Santiago polo centro da comarca.

Desde a perspectiva do estudo da natureza, en poucos lugares do noso país poden observarse directamente contrastes como os que presenta a comarca, desde a fauna e flora características da media montaña e das chairas centrais, até os elementos xeolóxicos, que teñen merecido estudos desde institucións como a Universidade de Oviedo ou outras de ámbito internacional.

Desde un punto de vista lingüístico, igualmente, a comarca ofrece uns rexistros en aceptable estado de conservación, toda vez que debe ser tido en conta o illamento secular dalgúns puntos específicos da comarca. O mesmo poderíamos dicir, especialmente, do vocabulario específico relacionado co medio labrego.

Polo que fai referencia á cultura popular, esta atópase tamén na comarca en aceptable estado de conservación –sobre todo se se analiza desde a perspectiva comparativa con outras zonas do país. En efecto, non só poden ser observados aínda traballos agrícolas colectivos nalgúnhas parroquias da comarca, senón que a presenza de elementos como os contos populares, as lendas ou mesmo os xogos tradicionais é aínda notable.

Outro tanto pode dicirse, a outro nivel, das inquedanzas culturais detectadas na zona e plasmadas na existencia de numerosos grupos musicais de variada índole, asociacións de base ou, incluso, organismos patrocinados por institucións oficiais.

3.- Lingua e cultura galega no IES Melide.

A análise que se presenta a seguir parte, por unha banda, de estudos e constatacións realizadas no Centro en anos pasados –estando convencidos de que polo menos unha boa parte dos datos seguen conservando a súa actualidade-, e por outra, dunha análise –que pretende ser o máis obxectiva posible- da realidade ordinaria actual no mesmo. Sinteticamente, pois, a situación da lingua e da cultura galegas no IES Melide é a que se intenta sintetizar a continuación.

3.1.- No labor docente.

A partir dos datos emanados das fontes citadas máis arriba, pode deducirse que no noso instituto o labor docente realízase tendo o galego como un referente de importancia. Agás puntuais e ocasionais excepcións, o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, cúmprese na súa totalidade.

Da constatación anterior derivamos un cadro certamente positivo no que se refire á presenza do galego como lingua vehicular no ensino. Pero este panorama tórnase máis acaído se temos en conta a realidade lingüístico-cultural do contorno do centro. Certamente, se consideramos o medio no que está inserido o instituto, ese moderado estado de satisfacción que referimos até aquí debe ser matizado no sentido de que aínda é posible andar camiño no que se refire á presenza do galego nas aulas do instituto. Non obstante, cómpre ter en conta que este posible incremento da presenza do galego só será posible se desaparecen, ou cando menos minguan, unha serie de atrancos, eivas e resistencias que persisten no momento actual no ámbito educativo de Galicia, e que, sen pretensión de detallismo, se enumeran a seguir:

0Falta de interese e apoio institucional desde o poder político-administrativo, concretado no incumprimento da lexislación vixente ou na carencia dunha nova lexislación no campo da normalización lingüística que, baseándose na experiencia destes últimos vinte anos, permita que o proceso avance definindo claramente obxectivos, recursos e prazos.

1Indiferencia e posible desinterese por parte da Inspección Educativa no labor de control do grao de cumprimento da lexislación existente en materia lingüística.

2Existencia de determinado tipo de estereotipos e prexuizos sobre a viabilidade do idioma galego, así como do escepticismo a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción cultural, científica e técnica.

3Falta de apoio dos medios de comunicación social e de masas.

4Falta de compromiso co idioma de institucións como a Igrexa Católica, de tanta importancia na sociedade galega, que agás contadísimas excepcións adopta unha postura, como pouco, de ignorancia da existencia do idioma do país.

5Actitudes de rexeitamento e contrarias a que o galego acrecente a súa presenza nas aulas dos centros de ensino, ou ben actitudes de falta de compromiso mínimo coa realidade lingüística de Galicia.

Particularmente no campo do ensino, non pode obviarse unha referencia á inexistencia de suficiente material didáctico en lingua galega, incluso no que fai referencia a materias de obrigada impartición en galego. O mesmo poderíamos dicir da inexistencia de prescricións lexislativas concretas en ámbitos tan importantes como a Formación Profesional.

3.2.- Nas actividades extraescolares.

Dende hai xa moitos anos, nas actividades extraescolares úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios... Do mesmo xeito, a lingua oral de relación e uso no desenvolvemento das mesmas é o galego. Neste sentido, podemos dicir que estas actividades están practicamente normalizadas no que se refire ao uso do idioma para a súa xénese, realización e promoción.

Non obstante, cómpre corrixir un aspecto formal con, sen dúbida, moita transcendencia no tocante á mensaxe subliminar que se acaba transmitindo. Referímonos aos carteis, convocatorias ou avisos propagandísticos de entidades, clubs ou asociacións alleas ao centro, que expoñen os seus chamados nas paredes ou taboleiros do mesmo. Ten sucedido que algúns están redactados en español, o que pode provocar un conflito na mensaxe a transmitir ao alumnado. Dalgunha forma indefinida estase inculcando unha diferenciación en canto ao uso do galego en función de se o documento nace no centro ou o fai fóra. Diferenciación que estimamos perniciosa en canto á valoración social do galego. Non parecendo lóxico que as contradicións afloren tan preto e con tanta frecuencia, e semella evidente que son necesarias estratexias para procurar que tal circunstancia non aconteza.

3.3.- Nas oficinas administrativas.

A normalización do idioma galego neste campo é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral. Aténdese ao público en galego e emprégase o idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións. Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego, como corresponde. Por outra parte, non se observa ningún tipo de atranco ou dificultade que inducise a pensar que esta situación idónea fose a variar.

3.4.- Na conserxería.

Tamén nesta dependencia do centro a normalización do idioma é plenamente satisfactoria, sendo o galego a lingua vehicular habitual.

3.4.- Na rotulación de espazos e dependencias.

Todo tipo de carteis, rótulos, letreros ... que existen no instituto están redactados en idioma galego, tanto nas dependencias académicas como naquelas nas que ofertan os diferentes servizos. Durante o presente curso escolar continuarase desenvolvendo o ambicioso plano, iniciado en cursos pasados, co que se intenta facilitar o acceso á información que se considere relevante no que atinxe ao nome das aulas, obradoiros, laboratorios e resto de dependencias do instituto.


3.5.- Nos espazos de convivencia e nas relacións humanas.

O uso do galego é maioritario, como corresponde á dinámica social que circunda o centro. Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.


4.- O alumnado e a normalización lingüística.

En consonancia, por unha parte, co nivel elevado de galeguización da comarca e, por outra, co feito –constatable en todo o país- da caída porcentual na transmisión xeracional da lingua, no alumnado do IES Melide obsérvase, tamén, un elevado nivel de galeguización, pero, ao mesmo tempo, é visible unha caída no uso habitual do idioma a respecto do que pode constatarase no medio circundante. Só a efectos de reformulación dalgunha das accións normalizadoras que se desenvolven no Centro, sintetizamos a continuación algúns datos cuantitativos obtidos con algúns traballos de investigación desenvolvidos en cursos previos. Durante o presente curso académico tentarase obter datos que axuden a contrastar os aquí expostos, por un lado, e comparalos con eles –obtendo, polo tanto, información sobre a evolución dos mesmos- por outro.


Lingua das primeiras palabras segundo o lugar de nacemento (%)




Lingua das primeiras palabras segundo o lugar en que se vive (%)




Lingua das primeiras palabras segundo a idade (%)




Lingua que falas na casa segundo o lugar de nacemento (%)




Lingua que falas na casa segundo a lingua en que se dirixen a ti teus pais (%)




Lingua que falas na casa segundo a idade (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo a lingua no Instituto fóra das clases (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo a lingua das primeiras palabras (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo a idade (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo o lugar no que se vive (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo o lugar de nacemento (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo a lingua no Instituto fóra das clases (%)




Lingua cos teus amigos fóra do Instituto segundo a lingua no Instituto fóra das clases (%)




Lingua na que se dirixen a ti teus paissegundo o lugar de residencia (%)




Lingua na que se dirixen a ti teus pais segundo a idade (%)




Lingua na que se dirixen a ti teus pais segundo o lugar de nacemento (%)



Lingua no Instituto fóra das clases segundo a idade (%)



Lingua no Instituto fóra das clases segundo o lugar de nacemento (%)



En síntese, a información que proporcionan os datos referidos até aquí, posiblemente deba interpretarse en base ás seguintes consideracións:

1.- A lingua na que, de xeito maioritario, se expresa o alumnado é o galego, se ben as porcentaxes de uso varían en función do lugar de nacemento, lugar de residencia, idade, lingua na que se aprendeu a falar, lingua que emprega na casa e lingua na que se dirixen a eles seus pais.

2.- Á hora de establecer relacións sociais fóra do Instituto, son determinantes, para a escolla lingüística, o lugar de residencia, a lingua na que se aprendeu a falar, a lingua na que se dirixen a eles seus pais e a lingua utilizada no Instituto fóra das clases. Así, a porcentaxe de uso do galego é maior entre os que viven na aldea, entre os que aprenderon a falar en galego, entre aqueles aos que seus pais se dirixen en galego e entre os que utilizan a nosa lingua fóra das calses.

3.- Con respecto á lingua das primeiras palabras, pódese establecer que o lugar de nacemento e o lugar de residencia son determinantes, sendo a porcentaxe de utilización do galego máis elevada entre os que teñen a aldea como lugar de residencia e os que naceron en Galiza.

4.- A porcentaxe de alumnos que utilizan o galego na casa é máis elevada entre aqueles que naceron en Galiza e entre aqueles aos que seus pais se dirixen en galego.

5.- A lingua utilizada no Instituto fóra das clases polos alumnos que viven nunha aldea e os que naceron en Galiza é, maioritariamente, o galego.

6.- A porcentaxe de alumnos nacidos na vila de Melide que utilizan o galego de forma habitual é menor que a daqueles nacidos nunha aldea, aínda que sexa, tamén, a lingua maioritaria.

7.- No que á idade se refire, se ben se observa que a porcentaxe de uso do galego é, en xeral, menor entres os que teñen doce anos que entre os que teñen dezasete ou máis anos, tamén se observa que nos tramos intermedios hai, en ocasións, porcentaxes de uso máis elevadas que nos tramos de maior idade.

8.- A porcentaxe de alumnado que utiliza, de forma exclusiva ou maioritaria o castelán é, en todos os casos, moi inferior á do alumnado que utiliza o galego.

5.- O profesorado e a normalización lingüística.

Non existindo na actualidade datos recentes sobre a percepción que o profesorado ten da cuestión lingüística no Centro, e mesmo sobre os seus propios hábitos lingüísticos, enuméranse a continuación unha serie de consideracións realizadas en cursos pasados, consideracións que en todo se consideran aínda, polo menos na súa filosofía xenérica, válidas desde a perspectiva da planificación lingüística no Centro.

0Unha ampla maioría do profesorado posúe, de seguro, a suficiente capacitación para usar a lingua galega nas aulas sen perda de calidade da práctica docente. En consecuencia, debe ser investigada a causa de que ese uso non se produza en non poucos casos.

1O galego semella ser o idioma preferido nas relacións que se establecen entre o profesorado, se ben non acada os niveis de uso que se dan no contorno do instituto, nas relacións veciñais e familiares. Estes datos parecen confirmar a sospeita de que aínda hoxe a institución escolar actúa como elemento castelanizador, se ben en menor contía que no pasado. Só asumindo esta afirmación atopan explicación datos, entresacados de estudos de cursos precedentes, como que un 70% do profesorado se dirixa ao alumnado fóra das aulas só en galego ou máis en galego que castelán –asumindo a realidade lingüística da comarca- e que despois, dentro das aulas, explique a súa materia en galego, empregue materiais curriculares en galego e realice as probas de avaliación en galego nunhas porcentaxes claramente inferiores ao 70%.

2Parece inferirse tamén da análise de estudos previos, e da propia constatación ordinaria, que existe un certo número de profesores e profesoras que, non tendo ningún impedimento grave para realizar o seu labor docente en galego, non o fai por unha cuestión de falta de vontade.

3Non obstante, parece tamén evidente que, globalmente, existe entre o profesorado do Centro unha actitude positiva cara a normalización do idioma galego, tamén na práctica docente.

6.- Propostas para a normalización lingüística e cultural do Centro. Plano Xeral para a Potenciación da Lingua Galega.

Como froito destas e doutras reflexións, así como da experiencia acumulada durante os anos de funcionamento do Equipo de Normalización Lingüística de Centro, o proxecto de actividades para o curso 2005-2006 do ENL do IES Melide estrutúrase baixo as premisas que se explican a continuación.

En primeiro lugar, unha vez realizada a análise continuada das actitudes cara a normalización lingüística presentes na comunidade escolar do IES Melide, e unha vez detectados aqueles sectores que precisan dunha acción máis continuada de concienciación e asesoramento, estes serán, por orde, os diferentes grupos humanos aos que dirixirá a súa actuación o ENL:

1. Alumnado.
2. Profesorado.
3. O contorno do centro e os diferentes sectores sociais, nomeadamente da vila de Melide.
4. Os pais e nais do alumnado.
5. O persoal administrativo do centro.

6.1.- Os obxectivos.

1. Divulgar os datos máis destacados que se desprenden dos estudos realizados nos últimos anos sobre a realidade lingüística de Galicia, en xeral, e da Terra de Melide, en particular, desde a perspectiva de que só a análise da realidade pode provocar unha implicación decidida dos integrantes da comunidade educativa do IES Melide na cuestión normalizadora.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual nas reunións do Centro e en calquera acto oficial ou público.

3. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.
4. Contribuír á normalización cultural das distintas materias do currículo de ESO, de Bacharelato e dos Ciclos Formativos impartidos no Centro.
5. Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
6. Animar os rapaces e rapazas a que escoiten música galega dando publicidade no centro das novidades musicais dos diferentes solistas e grupos galegos que aparezan no mercado.
7. Pular pola normalización lingüística e cultural do contorno, convertendo o galego na lingua de uso habitual nas reunións das asociacións que teñen o Centro como referencia.
8. Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
9. Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
10. Divulgar a normativa oficial, tanto estatal como autonómica, a respecto da toponimia galega entre institucións, entes autónomos, empresas de comunicación de masas, etc, incidindo no respecto que deben ás únicas formas legais e correctas dos nomes dos accidentes xeográficos, dos lugares, das vilas, e das cidades, así como dos nomes das persoas, evitando toda posible traducción.
11. Coñecer máis e mellor Galicia e a nosa comarca, facendo especial fincapé en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais, o noso himno, as nosas árbores, as nosas parroquias, veciños destacados da Terra de Melide, mulleres importantes na historia de Galicia, etc., desde o firme convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.

6.2.- As actividades.

Ofrécese, a continuación, a relación de actividades previstas para o curso 2005-2006, relación evidentemente deseñada para a consecución, total ou parcial -insistimos na idea de que se trata en case todos os casos de obxectivos a longo prazo- dos obxectivos definidos máis arriba. A polivalencia, no tocante ao seu protagonismo na consecución de dous ou máis obxectivos, da inmensa maioría das actividades que se detallan, desaconsellan o seu agrupamento baixo o epígrafe dun obxectivo en particular. Desta maneira, a relación de actividades ofrécese, simplemente, temporalizado.

6.2.1.- Actividades de desenvolvemento continuado.

- Pescuda e selección de documentación sobre estudos do conflito lingüístico en diversas sociedades e sobre o papel do ensino nesta problemática.
- Coordinación cos outros Equipos de Normalización da vila e da comarca.
- Incremento, nos seus fondos, da Biblioteca de Normalización do Centro.
- Invitación ás organizacións que teñen como obxectivo promover a normalización do idioma para levar a cabo as súas previsibles campañas tamén no Centro.
- Publicación de dous números da revista INTRES, voceiro do Centro.
- Xestión de FALAMELIDE, emisora de radio do Centro, tratando de lograr unha emisión semanal de noventa minutos.
- Xestión do TABOLEIRO DA LINGUA, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua.
- Id. taboleiro LIBROS NOVOS PARA XENTE NOVA, coa finalidade de divulgar as novidades literarias.
- Id. taboleiro O ESCRITOR DO MES, para dar a coñecer os escritores/as galegos.
- Id. taboleiro AS NOSAS ESCRITORAS, coa finalidade de divulgar a literatura feminina.
- Id. taboleiro PORTUGAL, TAN PERTO E TAN LONXE, para tentar achegar a realidade portuguesa.
- Id. taboleiro MÚSICA DE AQUÍ, DE AGORA, coa intención de divulgar a música feita en Galicia.

- Id. taboleiro VAL DO XÁLIMA, coa finalidade de dar a coñecer a realidade cultural e lingüística desta zona extremeña na que se fala galego.
- Promoción, cando menos, da galeguización das probas de avaliación que deben realizar os alumnos e alumnas nas distintas materias.
- Publicación dun boletín periódico –cando a actualidade o demande- de divulgación *técnica* –datos sobre a realidade lingüística, reforma ortográfica...- baixo a cabeceira A LINGUA GALEGA, LINGUA DE FUTURO.
- Publicación de DÁLLE Á LINGUA, periódico trimestral que recolle as novidades da problemática lingüística no contorno circundante e en todo Galicia.
- Divulgación da información sobre os nomes dos habitáculos do edificio, a través da colocación de paneis informativos en cada un deles.
- Difusión dos xogos populares e tradicionais galegos, creación cultural e característica do noso pobo, e fomento da súa utilización, no ámbito educativo, como elemento didáctico que pode contribuír á identificación dos rapaces e rapazas galegos coa cultura propia.
- Levar a cabo unha dotación mínima, a cargo do propio orzamento do ENL, para cada un dos Departamentos do Centro co obxectivo de realizar adquisicións de materiais en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados nas aulas das distintas materias do currículo.
- Colaboración estreita coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e alumnas que retornen da emigración.
- Conclusión do estudo dos nomes de persoa do alumnado, nun intento de valorar o nivel de galeguización dos mesmos e de promover o cambio para as formas galegas.
- Continuación do estudo, a través da análise de tres xornais, dos topónimos utilizados nas necrolóxicas, para intentar intervir diante dos propios xornais de cara ao respecto á toponimia oficial.
- Establecemento das canles que permitan unha colaboración estreita coa Asociación de Alumnado *Esptar dos Estudiantes de Melide* e coa ANPA *Terra de Melide* na cuestión lingüística.

- Distribución dun almanaque mensual de aula que recolla datas significativas para o idioma e/ou a cultura do noso país.
- Conclusión da elaboración do enlace correspondente da páxina web do Centro reservado ao ENL.
- Realización dun intercambio entre os membros do alumnado pertencentes ao ENL de centros diferentes.
- Establecemento de relacións cos Concellos do Val do Xálama, para valorar as posibilidades de realizar intercambios (alumnado, profesorado, internet)

6.2.2.- Actividades a desenvolver no primeiro trimestre.

- Edición dun almanaque do curso escolar.
- Divulgación, dirixida aos catro sectores da comunidade educativa, das actividades e das liñas de actuación propostas desde o Equipo, tratando de integrar nelas á maior cantidade de persoas posible.
- Propoñer, de novo, ao Concello de Melide, a emisión dos programas feitos por Falamelide, coa finalidade de que estes poidan chegar a todo o entorno do IES.
- Ofrecemento de apoio ao profesorado, por parte do Equipo de Normalización, en relación co proceso de normalización da docencia.
- Solicitud dirixida aos órganos directivos do Centro para a realización dun seguimento rigoroso do cumprimento da lexislación vixente no que abrangue ao número de aulas que deben levarse a cabo utilizando o galego como lingua vehicular.
- Confección dun novo cuestionario socio-lingüístico para ser cumplimentado polo alumnado de 1º ESO, 4º ESO e 2º de Bacharelato
- Organización dun certame de teatro con obras orixinais, das que serán os autores-actores os propios alumnos e alumnas do Centro. A convocatoria realizarase no primeiro trimestre, fixándose como remate do prazo de presentación -e representación- das obras o terceiro trimestre.
- Convocatoria dun concurso de cuñas radiofónicas coa finalidade de achegar a emisora de radio do Centro, FALAMELIDE, ao alumnado e viceversa.

- Edición dos folletos titulados *Os nomes das madeiras* e *Os nomes dos mobles*, como recurso para a galeguización das actividades do Ciclo Formativo de Madeira.
- Realización de recolleitas de literatura popular.
- Organización do concurso *Á busca da parvallada*, consistente en que os participantes investiguen en calquera tipo de medios de transmisión de información, as perolas e os erros máis salientables desde o punto de vista da toponimia e antroponimia galegas, recollendo testemuña mediante calquera medio –fotocopia, fotografía, diapositiva, vídeo...- para a súa posterior exposición.
- Convocatoria dun concurso de postais de Nadal.

6.2.3.- Actividades a desenvolver no segundo trimestre.

- Organización de charlas e debates sobre o proceso normalizador e sobre a situación lingüística na actualidade, dirixidas aos catro sectores da comunidade educativa, particularmente ao alumnado e aos pais e nais, e facendo especial fincapé na situación do idioma entre a mocidade.
- Realización dun cuestionario socio-lingüístico entre os alumnos e alumnas de 1º de ESO, 4º de ESO e 2º de Bacharelato, coa finalidade de inferir datos sobre o papel do Centro na práctica lingüística.
- Convocatoria dun concurso de ilustración de relatos da nosa literatura.
- Organización de charlas e debates sobre o proceso normalizador e sobre a situación lingüística na actualidade, dirixidas aos catro sectores da comunidade educativa, particularmente ao alumnado e aos pais e nais, e facendo especial fincapé na situación do idioma entre a mocidade.
- Organización de charlas e conferencias coa presenza dos novos narradores/as galegos.
- Realización dun intercambio entre os membros do alumnado pertencentes ao ENL de centros diferentes.
- Organización dunha saída didáctica para o alumnado participante nas actividades do ENL ao longo do ano. A saída incluírá unha visita aos estudos dunha radio comercial, para asistir á emisión dun programa en directo.

- Convocatoria dun concurso de carteis e lema alusivos ao uso da lingua.
- Realización dunha campaña interna no Centro de animación e concienciación sobre o uso da lingua coa impresión do lema en material propagandístico.
- Deseño dunha liña de traballo en coordinación co Departamento de Orientación do Centro que procure a galeguización das actividades persoais dos alumnos, tales como o tempo de estudo persoal na casa, a elaboración de traballos, etc.
- Articulación dunha nova liña de contactos e actuacións conxuntas con aquelas entidades locais -asociacións culturais e políticas, nomeadamente- que contemplan entre os seus obxectivos a normalización do idioma.
- Realización de actividades grupais dirixidas a pais e nais coa problemática lingüística como tema, en colaboración coa ANPA do centro.
- Deseño e confección de material propagandístico (adhesivos, estoxos, mochilas...).

6.2.4.-Actividades a desenvolver no terceiro trimestre.

- Organización, en colaboración coas editoriais, e en coordinación con outras institucións do Concello –nomeadamente coas librerías- exposicións de libros co gallo da Semana das Letras.
- Convocatoria dun concurso literario co gallo da Semana das Letras entre os alumnos e as alumnas. O concurso incluírá tamén unha sección especial dedicada á investigación sobre a lingua ou a literatura.
- Divulgación da figura e da obra de Urbano Lugrís Freire, autor a quen está adicado o Día das Letras 2006.
- Confección dun tríptico sobre a figura e a obra de Urbano Lugrís Freire.
- Realización dunha nova edición dos "Premios anuais laranxa e limón do Equipo de Normalización Lingüística", para premiar -ou castigar- aquelas actuacións individuais ou colectivas destacables sobre a problemática e a normalización da lingua.

6.3.-Os recursos.

O ENL para acometer as súas actividades prevé que poida dispor, entre outros, dos seguintes recursos:

- Dotación económica con cargo ao propio Centro para realizar actividades que pola súas características non poidan ser incluídas no solicitude de financiamento por parte da Consellería de Educación e O.U.
- Subvención que anualmente concede a Consellería de Educación e O.U. para os ENL dos centros de ensino.
- Fondos da biblioteca de normalización lingüística.
- Material impreso que poida recibir doutras asociacións, institucións e organismos públicos ou privados.
- Crédito orzamentario para a adquisición de material en galego.

7.- Criterios e mecanismos de avaliación.

Ao estaren representados no ENL os diferentes sectores da comunidade educativa do IES Melide, a propia reflexión grupal ha permitir cara o final de curso levar a cabo unha avaliación maina das actividades realizadas e dos seus resultados. A existencia de comisións de traballo dentro do propio ENL fará tamén posible que esta tarefa avaliadora teña lugar dun xeito sectorializado e, se cabe, máis fidedigno. A avaliación, en ambos os casos, terá en conta significadamente os resultados cualitativos de cada unha das actividades, aínda que non serán obviados tampouco os aspectos cuantitativos.

A respecto doutro tipo de avaliacións externas ao propio ENL, é intención deste a elaboración dalgún tipo de cuestionario que permita calar o alcance das actuacións propostas desde o ENL. Igualmente, será solicitada dos órganos existentes no Centro – Asociación de Alumnado, Equipo Directivo, Claustro de Profesorado, Asociación de Pais e Nais e Consello Escolar- a súa propia valoración do traballo desenvolvido polo ENL.

Globalmente, preténdese que ao remate do curso se poida levar a cabo unha avaliación do traballo desenvolvido polo ENL en base aos seguintes criterios:

- Actualizar a análise sobre problemática relativa ao conflito lingüístico que existe en Galicia entre os integrantes da comunidade educativa do Centro.
- Evidenciar entre a comunidade educativa a situación da lingua na comarca da Terra de Melide, con especial referencia á lingua de instalación do alumnado do centro.
- Lembrar a lexislación que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística no ensino.
- Identificar as causas que impediron a realización de determinadas actividades programadas.

Ao longo do curso cabe a posibilidade de que se vaian modificando actividades en función dos atrancos atopados ou da especial dificultade que supoña a súa realización. Pola contra, poden organizarse actividades non incluídas no presente Proxecto que emerxan da confluencia de factores favorables á súa realización.

8.- Anteproxecto económico.

A. Período inicial do curso (meses de outubro a decembro).


ACTIVIDADE / ACTUACIÓN	CUSTO APROXIMADO
Publicación dun número da revista INTRES, voceiro do centro.	650 €
Publicación dun número do boletín DÁLLE Á LINGUA (voceiro do Equipo de Normalización Lingüística).	130 €
Adquisición de material para os diferentes Departamentos.	240 €
Material funxible.	50 €
Publicación de material propagandístico (almanaques...).	75 €
Subscripción a publicacións periódicas impresas en lingua galega.	120 €
Trípticos <i>Os nomes das madeiras</i> e <i>Os nomes dos mobles</i>	150 €
Adquisición de material fonográfico galego para FALAMELIDE, emisora de radio do Centro.	120 €
Concurso de postais de Nadal en galego	45 €
Concurso <i>A busca da parvallada</i>	45 €

Concurso de cuñas radiofónicas	45 €
Subtotal (período inicial)	1502 €


B. Período xaneiro-xuño.

ACTIVIDADE / ACTUACIÓN	CUSTO APROXIMADO
Publicación dun número da revista INTRES, voceiro do centro.	650 €
Publicación de dous números do boletín DÁLLE Á LINGUA (voceiro do Equipo de Normalización Lingüística).	260 €
Adquisición de material para a biblioteca xeral do centro e para a biblioteca de normalización Lingüística.	240 €
Organización da homenaxe a Curuxás	180 €
Organizar algún espectáculo musical ou teatral dun grupo galego.	180 €
Organización dunha charla ou conferencia sobre o proceso de normalización lingüística na sociedade galega.	180 €
Agasallos para os gañadores de diferentes certames e concursos (Certame Literario, Pescuda bibliográfica, Ilustración Contos, Certame de Teatro...).	270 €
Premios Laranxa e Limón	60 €
Edición de material propagandístico (carteis, camisetas, adhesivos...).	200 €
Organización de charlas e conferencias.	180 €
Publicacións (folletos, material de divulgación...).	250 €
Realización de exposicións no centro.	120 €
Intercambio entre membros de ENL	100 €
Saída alumnado ENL	60 €
Subtotal (período xaneiro-xuño)	2900 €
Total global	3402 €

9.- Organización do ENL.



IES MELIDE
Equipo de Normalización



10.- Integrantes do ENL do IES melide.

Segundo a actividade na que participen directamente, no Equipo de Normalización Lingüística do IES Melide van colaborar as seguintes persoas:

NOME	AULA/PROFE/PnD	GRUPO	TRABALLO ESPECÍFICO
Agra Mejuto, Lucía	B2C	Curros Enríquez	
Agra Pallares	S2B	Curos Enríquez	
Arias Carballal, Tania	B2B	Curros Enríquez	
Arias Pereiro, Marcos	S2C	Curros Enríquez	
Arias Pereiro, Marcos	S2C	Falamelide	
Barral Vázquez, Marcial	PnD	Afonso Eáns	"Portugal, tan preto, tan lonxe"
Barreiro Abad, Elma	B1B	Falamelide	
Besteiro Louzao, José Antonio	S1A	Falamelide	
Blanco, Estrella	PROF:	Curros Enríquez	
Bolaño Fisteus, Miguel	S2C	Falamelide	
Buján Ferreiro, Maikel	S2C	Falamelide	
Cabaleiro, Nanda	PROF.	Afonso Castelao Alexandre Bóveda	Trípticos Os nomes das madeiras e Os nomes dos mobles
Cabo Pereiro, Yolanda	S1A	Curros Enríquez	
Cabo Pereiro, Yolanda	S1A	Falamelide	
Camino Mouriño, Zaida	S2D	Curros Enríquez	
Camino Mouriño, Zaida	S2D	Manuel Díaz	
Carregal Corral, Edi	PROF.	Curros Enríquez	
Carregal Corral, Edi	PROF	Falamelide	
Carril Conde, Joaquín	S2C	Falamelide	
Casal Vázquez, Carlota	S2B	Curros Enríquez	
Castro Blanco, Xosé	PROF	Alexandre Bóveda	

Luís			
Cea Otero, Miriam	S1A	Curros Enríquez	
Conde Santos, Raquel	S2B	Manuel Díaz	
Conde Santos, Raquel	S2B	Curros Enríquez	
Corral Cea, Gloria	S2B	Curros Enríquez	
Corral Lóez, Lucía	S1A	Curros Enríquez	
Corral Lóez, Lucía	S1A	Falamelide	
Díaz, Xosé	PROF	Curros Enríquez	
Díaz, Xosé	PROF	Alexandre Bóveda	
Díaz Teijo, Tomás	PROF	Afonso Castelao	
Expósito, Yago	S4-PDC	Curros Enríquez	
Expósito, Yago	S4-PDC	Falamelide	
Fernández, Marcos	S4-PDC	Curros Enríquez	
Fernández, Marcos	S4-PDC	Falamelide	
Fernández Carril, Yelna	S2B	Manuel Díaz	
Fernández Carril, Yelna	S2B	Curros Enríquez	
Fernández Guzmán, Belén	PROF	Afonso Eáns	Coordinación Taboleiro
Fernández Jiménez, Pepe	PROF	Afonso Castelao Alexandre Bóveda	Trípticos Os nomes das madeiras e Os nomes dos mobles
Fernández Mato, Diego	S2B	Curros Enríquez	
Fernández Vázquez, Diego	S2B	Curros Enríquez	
Fisteus Carril, Jesús	S4-PDC	Curros Enríquez	
Fisteus Carril, Jesús	S4-PDC	Falamelide	
Freire Blanco, Alfonso	S2B	Manuel Díaz	
Freire Blanco, Alfonso	S2B	Curros Enríquez	
Fuciños Vázquez, Xisela	S2B	Curros Enríquez	
Fuentes R, Patricia	S2C	Curros Enríquez	
Fuentes R, Patricia	S2C	Falamelide	
Garabal Sánchez, Xabier	PROF		Tarefas Xerais
García Barallobre, Vanessa	S4-PDC	Curros Enríquez	
García Barallobre, Vanessa	S4-PDC	Falamelide	
García Castro, Silvia	S2B	Curros Enríquez	

García Mato, Sergio	S2D	Curros Enríquez	
García Mella, Judith	S1A	Curros Enríquez	
García Rueda, Ingrid	S2D	Curros Enríquez	
González López, Diego	S2C	Curros Enríquez	
Iglesias Parrado, Mónica	S2D	Curros Enríquez	
Iglesias Varela, Xabier	PROF	Afonso Castelao Alexandre Bóveda	Trípticos Os nomes das madeiras e Os nomes dos mobles
Lavandeira, Mónica	S4-PDC	Curros Enríquez	
Lavandeira, Mónica	S4-PDC	Falamelide	
Laya Sánchez, Zeltia	B2B	Lugrís Freire	
Laya Sánchez, Zeltia	B2B	Curros Enríquez	
Laya Sánchez, Zeltia	B2B	Manuel Díaz	
Laya Sánchez, Zeltia	B2B	Alexandre Bóveda	
Lea Sanfiz, Iván	S2B	Curros Enríquez	
Liñeira, Silvia	S4-PDC	Curros Enríquez	
Liñeira, Silvia	S4-PDC	Falamelide	
Lires Castro, Álvaro	S2B	Curros Enríquez	
Lires Castro, Álvaro	S2B	Manuel Díaz	
López López, Iván	S2B	Curros Enríquez	
López Pandelo, Carlota	S2B	Manuel Díaz	
López Pandelo, Carlota	S2B	Curros Enríquez	
López Rial, Tania	S1A	Curros Enríquez	
López Ríos, Ismael	S2B	Curros Enríquez	
Losada Soto, Susana	PROF	Curros Enríquez	Coordinación
Losada Soto, Susana	PROF	Falamelide	
Loureiro Castro, Roberto	S1A	Curros Enríquez	
Martínez, Estefanía	S2B	Curros Enríquez	
Mato López, Jenifer	S2B	Curros Enríquez	
Mato López, Jenifer	S2B	Manuel Díaz	
Mato Otero, Alberto	S4-PDC	Curros Enríquez	
Mato Otero, Alberto	S4-PDC	Falamelide	
Mejuto Rouco, Alba	S2D	Curros Enríquez	
Méndez Martínez, David	S2D	Falamelide	
Méndez Martínez, David	S2D	Curros Enríquez	
Méndez Martínez, Xan	PnD	Alexandre Bóveda	Coor. Xogos Populares
Montero Quintela,	S2D	Curros Enríquez	

Yolanda			
Morujosa Villamor, Vanessa	S1A	Curros Enríquez	
Mosteiro, Adrián	S2B	Curros Enríquez	
Mouriño Sesto, Verónica	B2B	Curros Enríquez	
Nieto Otero, Carmen	PROF	Alexandre Bóveda	Coordinación Traballo Necrolóxicas
Orois, Jesús	PnD	Afonso Eáns	
Otero Rodríguez, Estefanía	S2D	Curros Enríquez	
Parrado López, Uxía	S2A	Curros Enríquez	
Parrado Rodríguez, Celia	B1B	Manuel Díaz	
Pena Gómez, J. Luís	S2B	Curros Enríquez	
Pena Gómez, J. Luís	S2B	Manuel Díaz	
Penas Varela, Yolanda	S2D	Curros Enríquez	
Pérez Perez, Xulio	PROF	Alexandre Bóveda	
Prada Bustillo, Mabel	PROF		Coordinadora Xeral
Prado Couso, Jorge	S2A	Falamelide	
Quintela Gómez, Marga	PROF	Manuel Díaz	Coordinación
Quintela Gómez, Marga	PROF	Falamelide	
Quintela Peón, Karen	S2C	Curros Enríquez	
Quintela Peón, Karen	S2C	Falamelide	
Rial Santos, Susana	PROF	Lugrís Freire	Coordinación
Río Carreira, Laura	S2A	Curros Enríquez	
Rivadulla Torreiro, Sonia	B1B	Lugrís Freire	
Roca Agra, Inés	S2D	Curros Enríquez	
Roca Agra, Inés	S2D	Falamelide	
Roca Agra, Inés	S2D	Manuel Díaz	
Rodríguez Calvo, Tania	S2D	Falamelide	
Rodríguez Calvo, Tania	S2D	Curros Enríquez	
Rodríguez Calvo, Tania	S2D	Manuel Díaz	
Rodríguez Íñiguez, Gloria	PROF	Curros Enríquez	
Rodríguez López,	S2D	Curros Enríquez	

Noelia			
Rodríguez Méndez, Miguel	PROF	Afonso Eáns	
Rodríguez Méndez, Miguel	PROF	Alexandre Bóveda	Coordinación
Rodríguez Penas, Lidia	S2A	Curros Enríquez	
Rodríguez Penas, María	S2A	Curros Enríquez	
Rodríguez Rodríguez, Elena	B1B	Afonso Castelao	
Rúa Miguélez, Alba	S2D	Curros Enríquez	
Rúa Miguélez, Alba	S2D	Manuel Díaz	
Sánchez Rodríguez, Lucía	S2B	Curros Enríquez	
Sánchez Souto, Sabino	S4-PDC	Curros Enríquez	
Sánchez Souto, Sabino	S4-PDC	Falamelide	
Santos López, Carmen	PROF	Manuel Díaz	Coordinación
Segade Casal, Laura	S2D	Curros Enríquez	
Souto Vázquez, Manolo	PROF	Alexandre Bóveda	Coord. Estudo Nomes
Suárez Prado, Edurne	S2D	Curros Enríquez	
Suárez Prado, Edurne	S2D	Manuel Díaz	
Suárez Soutiño, Silvia	S2B	Curros Enríquez	
Sueiro Costoya, Mirta	B2B	Curros Enríquez	
Varela Amboage, Lorena	B2B	Lugrís Freire	
Varela Amboage, Lorena	B2B	Alexandre Bóveda	
Varela Amboage, Lorena	B2B	Curros Enríquez	
Varela Puga, Noelia	S2B	Manuel Díaz	
Varela Puga, Noelia	S2B	Curros Enríquez	
Vázquez Álvarez, Suriña	B1B	Falamelide	
Vázquez, Cristina	S4-PDC	Curros Enríquez	
Vázquez, Cristina	S4-PDC	Falamelide	
Vázquez Espiño, Cristina	S2A	Curros Enríquez	
Vázquez Freire,	S2D	Curros Enríquez	

Sandra			
Vázquez García, Iván	S2C	Falamelide	
Vázquez Gómez, María	S2C	Curros Enríquez	
Vázquez Loureiro, Patricia	S2A	Curros Enríquez	
Vázquez Mejuto, Lorena	S1A	Curros Enríquez	
Vázquez Pandelo, Rocío	B1B	Afonso Castelao	
Veiga García, Paco	PROF	Falamelide	Coordinación
Vidal Varela, Iván	S2B	Curros Enríquez	
Yáñez Rouco, Javier	S2C	Curros Enríquez	
Yebra-Pimentel Rodríguez, Xaquín	PROF	Afonso Eáns	Coordinación Taboleiro "Libros Novos para Xente Nova"